

Data: 25-09-2008 Hora inicio: 17:15 Hora fin: 20:15	<h2 style="color: #00AEEF;">XORNADA IMPLANTACIÓN DE ERP'S EN COOPERATIVAS</h2>		
Organización da Xornada			
	Tema	Responsable	Tempo
1	<i>Exposición dos obxectivos da xornada de traballo</i>	Álvaro Gómez	15 minutos
2	<i>Implantación de ERP's en cooperativas</i>	Carlos Otero	60 minutos
3	<i>Exposición de dúbidas e debate de ideas e proposicións</i>	Asistentes	105 minutos
Observacións:			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Diversas cooperativas non puideron asistir, pero amosan o seu interese en seguir participando neste grupo de traballo nun futuro. 2. Carlos Otero expón a súa presentación sobre os ERPs e desenvolve os seguintes temas: <ol style="list-style-type: none"> a. ¿Qué é un ERP? b. ¿Canto costa implantar un ERP? c. ¿Cómo se evita o fracaso? d. O Plan de Sistemas e. A selección dun socio tecnolóxico 3. Na rolda de preguntas e debate saen os seguintes temas <ol style="list-style-type: none"> a. Pregunta (P): Nunha das cooperativas presentes realizase recollida e volcado de información nun sistema informático. ¿En qué medida se parece a un ERP? <ol style="list-style-type: none"> i. Resposta (R): Considérase un bo comezo para a implantación dun ERP. Estes sistemas poden empezar por implantarse nalgunhas das partes dunha organización, co obxectivo de mellorando a explotación dos datos e o seu desenvolvemento noutras áreas da cooperativa pouco a pouco. Un ERP debe implantarse de forma que a organización se adapte o seu emprego. b. (P): A mesma cooperativa comenta que é importante a xestión do cambio comentada na presentación de Carlos Otero e a vontade para levalo a cabo. No seu propio caso, este cambio leváranos a cabo para poder ter unha planificación estratéxica, e optaron por facelo pouco a pouco para facilitar o cambio organizativo. Por iso, considera que a experiencia pode ser levada a cabo con éxito nunha pequena cooperativa (no seu caso, 10 socios) <ol style="list-style-type: none"> i. ®: Dende os ponentes considérase unha experiencia correcta e ben planificada. Cada organización debe adaptarse as súas posibilidades. c. (P): Respecto a implantación dun ERP, que posibilidades ten o emprego do software libre? É un aforro importante no tema das licenzas. <ol style="list-style-type: none"> i. ®: É unha boa medida. Nos últimos anos houbo un maior avance, e é unha boa opción para empregar en certos departamentos dunha organización; sen embargo, aínda é demasiado pronto para poder comparalo cun ERP que traballe de forma vertical nunha compañía. d. (P): O emprego de horas de introdución de datos nun ERP, diminúe co tempo? <ol style="list-style-type: none"> i. ®: Non. A medida que vai avanzando o tempo, incluso pode aumentar xa que vai adaptado a evolución do negocio. Ademais, co tempo, as organizacións necesitan sacarlle un maior partido o ERP a medida que aumentan as súas necesidades. e. (P): A primeira dificultade que se encontra unha PEME é o custo dun ERP, e é necesario a axuda externa para analizar os cambios que debe levar a cabo a cooperativa. ¿A quen recorrer? ¿Hai axudas de financiamento? <ol style="list-style-type: none"> i. ®: a través das axudas para a Innovación das diversas organizacións. Sen embargo, o 			

proxecto necesita ser formulado como un plan de innovación en procesos. Se ademais se presentan de forma conxunta por diversas cooperativas, as posibilidades aumentan.

- f. (P): Outro problema importante é que a empresa ten que resolver todo o problema, é a Xunta (ou outros organismos públicos) non axudan a presentar unha boa idea con opcións.
- i. ®: A realidade é que a empresa debe ter a iniciativa. A Xunta pode organizar foros ou mesas de traballo como as presentes para resolver dúbidas e orientar os cooperativistas.
- g. (P): As consultoras ou socios tecnolóxicos para a implantación dun ERP non orienta sobre as axudas as que se poden acudir. ¿Qué consultora se recomenda?
- i. ®: depende da consultora, pero deberían asesorar aos seus clientes sobre as axudas a presentarse.
- h. (P): Outro problema é o seguinte: despois de investir moito tempo, custo e esforzo o desenvolvemento dun proxecto, resulta que non se conceden axudas ao mesmo. Dende a Administración non se asesora se ó proxecto ten posibilidades dende un principio.
- i. ®: En primeiro lugar, a hora de presentarse a unhas axudas hai que pensar que hai un corte nas mesmas e non se conceden a todo o mundo que se presenta. Por iso, débense coñecer ben as convocatorias as que se presenta e orientar o proxecto ás mesmas.
- ii. ® En segundo lugar, estas mesas de traballo serven para transmitirle as AAPP a necesidade dun asesoramento á hora de presentar proxectos as convocatorias públicas de I+D+I.
- iii. ® Nalgúns sectores existen as Plataformas Tecnolóxicas que asesoran e formalizan proxectos para presentarse ás axudas
- iv. ® Sería interesante que se crease un organismo no que presentar unha idea cando unha cooperativa a tivese, que é o momento exacto para levalo a cabo, e non ter que estar atento a saída dunhas subvencións, presentar os proxectos a correr e xustificalos nun tempo curto. Algo así como o CDTI en España.
- i. (P): Respecto a unha cooperativa de pequeno tamaño, é difícil encontrar un socio tecnolóxico no que confiar?
- i. Non. Hai socios tecnolóxicos pequenos, que non quere dicir malos, que se poden adaptar as PEMES. Cabe reflectir que as posibilidades aumentan se son proxectos colaborativos, que den máis forza ás PEMEs ou cooperativas que forman a rede de colaboración.
- j. (P): A innovación está ligada ao tamaño? Considera que nunha pequena organización é mais fácil levar a cabo un cambio, o contrario que nunha grande.
- i. ®: É mellor no caso de que todo o grupo teña gran motivación. Sen embargo, hai certas innovacións que precisan un certo capital que sobrepasa a entidade.
- ii. ®: Sen embargo, na recente historia houbo caso de ideas sinxelas, sen custo, que provocaron unha revolución o mercado. Preséntase aos asistentes algúns exemplos:
1. Google
 2. PayPal
 3. Youtube
 4. Barrabés
 5. Blusens...

Conclusións:

As principais conclusións sacadas da xornada son as seguintes:

- o As cooperativas amosan interese por innovar, pero encóntranse desorientadas e desanimadas dende un principio porque consideran que o seu pequeno tamaño non as posibilita a optar as axudas públicas
- o A priori, consideran que son positivas as mesas de traballo e a constitución dunha rede de cooperación para afondar nas súas necesidades e poder levar a cabo proxectos conxuntos.
- o A principal problemática que destacan é o seu descoñecemento e falta de recursos para desenvolver procesos de innovación e investimentos como a implantación dun ERP. Precisarían dun maior apoio e

asesoramento sobre como realizar estes proxectos.

- o Tamén reclaman da Administración algunha axencia ou organismo que as poida asesorar á hora de levar a cabo un proxecto e que opte as axudas públicas. Este organismo debería responder en curto prazo se unha idea pode ter opcións de conseguir axudas, xa que así se poden aforrar esforzos innecesarios.

Dossier fotográfico



